

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE DEFENSA

**9449** *Real decreto 640/2011, do 9 de maio, polo que se modifica o Real decreto 1755/2007, do 28 de decembro, de prevención de riscos laborais do persoal militar das Forzas Armadas e da organización dos servizos de prevención do Ministerio de Defensa.*

A Directiva 89/391/CEE do Consello, do 12 de xuño de 1989, relativa á aplicación de medidas para promover a mellora da seguranza e da saúde dos traballadores no traballo, exclúe do seu ámbito de aplicación determinadas actividades específicas da función pública, como por exemplo ocorre no caso das Forzas Armadas, debido ás particularidades inherentes ás súas funcións. Ora ben, esta directiva declara que neses casos tamén é preciso velar para que a seguranza e saúde dos traballadores queden aseguradas na medida do posible.

A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, traspuxo a mencionada directiva ao ordenamento xurídico español. A regra xeral da citada lei é a aplicación da normativa sobre prevención de riscos laborais a todos os traballadores, sexan civís ou militares, excluindo unicamente aquelas actividades das Forzas Armadas cuxas peculiaridades o impidan. Non obstante, de conformidade coa citada directiva, as normas que se diten para regular a protección e saúde dos membros das Forzas Armadas no exercicio destas actividades terán que estar inspiradas tamén na Lei 31/1995, do 8 de novembro.

Tendo en conta ese marco normativo, o Real decreto 1755/2007, do 28 de decembro, de prevención de riscos laborais do persoal militar das Forzas Armadas e da organización dos servizos de prevención do Ministerio de Defensa, ten como obxecto promover a seguranza e saúde do persoal das Forzas Armadas no desempeño das súas funcións, mediante o desenvolvemento das previsións contidas na Lei 31/1995, do 8 de novembro, e establecer o modelo e as funcións dos servizos de prevención no ámbito do Ministerio de Defensa.

Por Sentenza do Tribunal Supremo do 13 de xullo de 2010 anulouse o punto segundo do artigo 2.a) do Real decreto 1755/2007, do 28 de decembro, ao entender o alto Tribunal que, dado que o precepto aludido prevé que nos centros de traballo onde conviva persoal militar e persoal civil existirá un único servizo de prevención, as organizacións sindicais debían ter sido puntualmente oídas a través do correspondente trámite de audiencia. Este real decreto ten como obxectivo corrixir o defecto sinalado polo Tribunal Supremo, polo que se someteu á consulta das organizacións sindicais.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de maio de 2011,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1755/2007, do 28 de decembro, de prevención de riscos laborais do persoal militar das Forzas Armadas e da organización dos servizos de prevención do Ministerio de Defensa.*

A alínea a) do artigo 2 do Real decreto 1755/2007, do 28 de decembro, de prevención de riscos laborais do persoal militar das Forzas Armadas e da organización dos servizos de prevención do Ministerio de Defensa, queda redactada nos seguintes termos:

«a) Ámbito persoal: inclúe todo o persoal das Forzas Armadas excepto os determinados no artigo 2, alínea a), do Real decreto 179/2005, do 18 de febreiro, sobre prevención de riscos laborais na Garda Civil.

Así mesmo, inclúe os membros do Corpo da Garda Civil que presten os seus servizos no ámbito do Ministerio de Defensa.

Nos centros de traballo onde conviva persoal militar e civil existirá un único servizo de prevención a que será de aplicación o previsto no capítulo III desta norma, sen menoscabo das necesarias relacións dese servizo cos delegados de prevención ou os comités de seguranza e saúde que poidan existir, segundo establece o Real decreto 1932/1998, do 11 de setembro, de adaptación dos capítulos III e IV da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, ao ámbito dos centros e establecementos militares. As funcións do dito servizo de prevención poderán ser desempeñadas indistintamente por persoal militar, funcionario, laboral ou estatutario.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de maio de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Defensa,  
CARME CHACÓN PIQUERAS